

MOCIÓN DE AER SOBRE SERVICIOS PRIVATIZADOS

PLENO 4 ABRIL 2013. ACTA 7/2013

Dende AER detectamos un incumprimento constante dos pregos de condicións por parte dalgunhas empresas que levan servizos privatizados deste Concello.

Consideramos que a comisión de seguemento destes servizos non se reúne o suficiente para levar un bo control dos mesmos. Nesta lexislatura polo momento só se reuniu dúas veces (3 se contamos a xuntanza de constitución) non acadando ningunha solución a esta situación.

Dende AER consideremos que os grupos políticos representados nesta corporación son os responsables de asegurar que ditas empresas cumpran coas condicións dos seus contratos e dean un bo servizo á cidadanía.

Sabemos que o Concello ten un regulamento que marca a periodicidade das comisións, pero coñecendo varios incumprimentos por parte destas empresas, propoñemos ao pleno o seguinte **ACORDO**:

A comisión de seguemento de servizos privatizados se reunirá mensualmente mentres algunha destas empresas concesionarias non cumpra algunha das condicións recollidas no contrato

VOTACIÓN E ACORDO.-

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la moción transcrita nos antecedentes.